



5 DE XUÑO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

A variedade de alimentos que comemos, o aire que respiramos, a auga que bebemos e o clima que fai posible a nosa vida no planeta non existirían sen a natureza. Por exemplo, cada ano, as plantas e algas mariñas producen máis da metade do osíxeno da nosa atmosfera, e unha árbore é capaz de limpar o noso aire absorbindo 22 quilos de dióxido de carbono e liberando osíxeno a cambio. A pesar de todos os beneficios que nos dá a natureza, aínda a maltratamos, por iso cada 5 de xuño conmemoramos o Día Mundial do Medio Ambiente.

Esta é a data máis importante no calendario oficial das Nacións Unidas para fomentar a acción ambiental. Desde 1974, o 5 de xuño converteuse nunha plataforma global de alcance público que reúne a gobernos, empresas, celebridades e cidadáns ao redor dun asunto ambiental urxente.

En 2020 o tema é a biodiversidade, ou o que é o mesmo, o conxunto de todos os seres vivos do planeta, o ambiente no que viven e a relación que gardan coas outras especies. Todos os animais, todas as plantas e todos os organismos, desde os máis grandes, como as baleas, ata os máis pequenos como as bacterias, conforman a biodiversidade.

Entre todos debemos conservala !

1. Le ben o texto anterior e preme en cada pregunta a resposta correcta.

-Cando se celebra o Día Mundial do Medio Ambiente?

O 4 de xuño.

O 5 de xuño.

O 5 de xullo.

-Quen produce máis da metade do oxixeno do noso planeta?

As fábricas.

O ser humano.

As plantas e algas mariñas.

-Canto dióxido de carbono pode absorber unha árbore?

Non pode absorber dióxido de carbono.

Pode absorber 22 quilos.

Pode absorber 12 quilos.

-En que tema se centra este ano o Día Mundial do Medio Ambiente?

Biodiversidade.

As plantas.

Os animais.

-Que é a biodiversidade?

Os seres humanos.

O conxunto de todos os seres vivos e as relacións que establecen.

Os animais que viven na Terra.

Está nas nosas mans coidar a Terra e a vida que alberga. Pensa como podes contribuir despois de ver o seguinte video.

